

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 3656** *Real decreto 231/2014, do 4 de abril, polo que se modifican as contías da taxa por inspeccións e controis veterinarios de produtos de orixe animal non destinados ao consumo humano que se introduzan en territorio nacional procedentes de países non pertencentes á Unión Europea.*

O Regulamento (CE) n.º 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, sobre os controis oficiais efectuados para garantir a verificación do cumprimento da lexislación en materia de pensos e alimentos e a normativa sobre saúde animal e benestar dos animais, dispón, no seu artigo 27.2, que os Estados membros garantirán a recadación dunha taxa no caso das actividades recollidas na sección A do anexo V, relativas a controis de mercadorías e animais vivos importados na Comunidade.

Así mesmo, o artigo 27.3 do citado regulamento establece que as taxas percibidas en relación con aquelas actividades non serán inferiores aos importes mínimos especificados na sección B do citado anexo.

Por último, o artigo 27.4 letra b) recolle a posibilidade de establecer o importe das taxas mediante o seu cálculo a tanto global ou ben atendendo aos importes recollidos na sección B do dito anexo.

Sen prexuízo da aplicabilidade e efectos directos que ten o Regulamento (CE) n.º 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, resulta, non obstante, necesario adecuar a contía das taxas á prevista na normativa da Unión Europea.

En particular, na presente disposición trátase de integrar e actualizar a situación normativa resultante respecto da taxa por controis de produtos de orixe animal non destinados ao consumo humano de países non comunitarios, establecida no artigo 29 da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Pola súa parte, no anexo V do mesmo regulamento recóllese que as operacións polas que os Estados membros perciben taxas, conforme a Directiva 85/73/CEE do Consello, do 29 de xaneiro de 1985, relativa ao financiamento das inspeccións e controis sanitarios de carnes frescas e carnes de aves de curral, son as previstas na Directiva 97/78/CE do Consello, do 18 de decembro de 1997, pola que se establecen os principios relativos á organización de controis veterinarios dos produtos que se introduzan na Comunidade procedentes de países terceiros, e na Directiva 91/496/CE do Consello, do 15 de xullo de 1991, pola que se establecen os principios relativos á organización de controis veterinarios dos animais que se introduzan na Comunidade procedentes de países terceiros e pola que se modifican as directivas 89/662/CEE, 90/425/CEE e 90/675/CEE, confirmando, deste modo, a continuidade na regulación do feito impositivo da taxa. Nesta norma dispónse a correspondencia das actividades e operacións gravadas coa dita taxa coas recollidas no capítulo V da sección B do anexo V do Regulamento (CE) n.º 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, e, así mesmo, determínase o alcance do novo esquema de tarifas mínimas sinalado no citado artigo 27.3 do Regulamento comunitario, ao dispor que os importes das taxas para cada unha das operacións ou actividades previstas quedan fixados nas cantidades recollidas no anexo V, facendo uso, deste modo, da opción prevista no citado artigo 27.4, letra b), do citado regulamento.

O actual esquema de importes encóntrase recollido no número 7 do artigo 29 da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, pola que se establecen as contías da taxa por inspeccións e controis veterinarios de produtos de orixe animal non destinados a consumo humano que se introduzan no territorio nacional procedentes de países non comunitarios. Así mesmo, nas respectivas leis de

orzamentos establecéronse actualizacións xerais dos importes das taxas pero, en todo caso, non superan nas súas tarifas resultantes os importes mínimos recollidos no citado anexo V.

Este real decreto dítase ao abeiro da habilitación prevista no número 10 do artigo 29 da Lei 53/2002, do 30 de decembro, citada, no cal, de acordo co principio de equivalencia recollido no artigo 7 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, se faculta o Goberno para modificar mediante real decreto a contía das ditas taxas, de acordo coa normativa que aproba a Unión Europea.

Este real decreto inclúe tamén unha nova redacción do número 4.4 do anexo 1 do Real decreto 815/2013, do 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, para salvar o erro detectado.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, e do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de abril de 2014,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación da contía da taxa por inspeccións e controis veterinarios de produtos de orixe animal non destinados a consumo humano que se introduzan no territorio nacional procedentes de países non pertencentes á Unión Europea.*

As contías da taxa por inspeccións e controis veterinarios realizados a produtos de orixe animal non destinados ao consumo humano e procedentes de países non comunitarios, establecidas no número 7 do artigo 29 da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, serán as previstas nos capítulos I, II e III da sección B do anexo V ou, no caso dos produtos da pesca capturados no seu medio natural e desembarcados directamente por un buque pesqueiro que enarbore o pavillón dun país terceiro, a prevista na letra a) do capítulo V da sección B do anexo IV, todos eles do Regulamento (CE) n.º 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, sobre os controis oficiais efectuados para garantir a verificación do cumprimento da lexislación en materia de pensos e alimentos e a normativa sobre saúde animal e benestar dos animais.

As citadas taxas publicaranse para efectos informativos no «Boletín Oficial del Estado», mediante resolución da Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, e reproduciranse para efectos informativos na páxina web do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, no seguinte enlace: <http://cexgan.mapa.es/Modulos05/Publico/Tasas.aspx>.

**Disposición derradeira primeira.** *Modificación do Real decreto 815/2013, do 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.*

O anexo 1, número 4.4, columna da dereita, do Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, aprobado polo Real decreto 815/2013, do 18 de outubro, queda redactado como segue:

«Industrias químicas que contén con instalacións para a fabricación de calquera destes produtos, sexa ou non esta a súa actividade principal, e independentemente de calquera que sexa a materia prima de partida ou o proceso seguido, cando impliquen transformación química ou biolóxica.»

**Disposición derradeira segunda.** *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1, regra 16.<sup>a</sup>, da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de sanidade exterior, salvo a disposición derradeira primeira, que se dita ao abeiro da habilitación contida na regra 23.<sup>a</sup>, que atribúe ao Estado a lexislación básica en materia de ambiente».

**Disposición derradeira terceira.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de abril de 2014.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN